



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (21/2025)

Na Casa do Concello de Monfero, ás doce horas e corenta e tres minutos do día vinte e oito de maio de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás doce horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 23 maio de 2025
- 2.- Aprobación da relación de facturas núm. 030XOK/2025
- 3.- Adxudicación de contratos menores

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 23 MAIO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregúntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello con anterioridade á convocatoria desta sesión, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, proclama que a acta da sesión do día 23 de maio de 2025 se considera aprobada sen ningunha obxección.

2.- APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. 030XOK/2025

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre a factura a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que se transcribe literalmente deseguido, sobre o seu informe de Intervención e sobre o resto da documentación que, como a anteriormente indicada, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec relacionado con este punto da orde do día:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar a factura incluída na relación delas n.º 30XRRSE/2025, así como o informe de Intervención que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e considerando que consta acreditado que os servizos aos que se refire están realizados e por encargo e en beneficio do Concello, a quen lle corresponde atender o gasto correspondente para poder prestar os servizos esenciais á veciñanza,



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin se poden paralizar os servizos polas dificultades na aplicación da normativa, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Informar que os contratos aos que se refire este expediente son necesario para poder prestar á veciñanza os servizos de competencia municipal del derivados e que, polo tanto, o xustifican de maneira motivada, e que non se está alterando o seu obxecto coa fin de evitar a aplicación dos límites para consideralo como menor aos que se refire a normativa vixente de aplicación.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación do procedemento e recoñecer e liquidar as obrigas deste Concello correspondente aos gastos que constan no devandito expediente e que se integra na relación de facturas que se se reflicte deseguido, entendendo con isto levantado o reparo formulado pola Secretaría-intervención polas razóns de interese público expostas:

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	030XRRSE/2025
Importe total	2.230,83€
Número de facturas e gastos que contén	1
Número do Rexistro Facturas da factura	F/2025/1006

TERCEIRO.- Imputar o gasto correspondente á aplicación orzamentaria que nela se indica.

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta quedando adoptados os acordos que se propoñen nela.

3.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS MENORES

O Sr. Secretario-interventor dá conta do expediente de contratación coas referencias que se indican deseguido, do informe da Intervención e das ofertas solicitadas e recibidas que constan no expediente electrónico da aplicación Tedec e que se indican a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR	
Núm. Expediente:	2025/C002/000012
Órgano de contratación:	Xunta de Goberno Local
Tipo:	Servizos
Obxecto:	PÓLIZA SEGURO RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE MONFERO 2025/2026 (Asegurar as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil/patrimonial, xeral profesional, patronal ou por accidente de traballo...)
Código CPV:	66516000-0 seguros
Orzamento base licitación:	Máximo 4.200,00€
Prazo execución:	1 ano (das 00:00 h. do 01/06/2025 ás 24:00 h. do 31/05/2026)
Aplicación orzamentaria	920.22400
Necesidade e xustificación do contrato: (art. 118.2 da Lei 9/2017)	O Concello ten a necesidade de contratar este servizo para a realización e cumprimento dos seus fins institucionais e non conta cos medios materiais nin humanos propios adecuados ou suficientes, nin pode satisfacerse a dita necesidade con ningún outro contrato ou negocio xurídico previo en vigor
Fins institucionais que pretenden satisfacerse (competencia municipal):	Xestión e prestación servizos (art.25.1 da Lei 7/1985)
Financiamento:	Municipal (fondos propios)

RESUMO OFERTAS				
CONCEPTOS	SEGUROS MAPFRE	ÁRTABRO MIÑO, S.L. (AXA Seguros S.A)	ABANCA MEDIACIÓN, CORREDURÍA DE SEGUROS GENERALES S.A.	ALBERTO DELÓPEZ CACHAZA
Prezo	3.461,12	3.999,68	4.167,97	Non presenta
Franquía	300,00	300,00	600,00	
Límites asegurados				
Responsabilidade Civil sinistro /Patrimonial	2.000.000,00	1.500.000,00	250.000,00	
Responsabilidade Civil sinistro /Patronal		1.500.000,00		
Sublímite de indemnización por vítima Responsabilidade Civil	300.000,00	600.000,00	250.000,00	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Patronal			
Responsabilidade Profesional	Civil sinistro	2.000.000,00	1.500.000,00
Sublímite RC por danos asinistro			90.000,00
bens baixo o coidado, período control ou custodia de		180.000,00	
(incluído vehículos)	seguro		75.000,00

A Xunta de Goberno Local, considerando que para atender a necesidade a satisfacer sinalada, é preciso contratar o obxecto reflectido, que é o idóneo para cubrir a dita necesidade de forma clara, directa e proporcional, resultando entón que o servizo que se pretende contratar é o adecuado para o fin perseguido e que, polo tanto, o contrato é necesario polos motivos anteriormente indicados; que o seu obxecto non é susceptible da súa división en lotes, cos mesmos argumentos que constan no acordo que inicia o expediente; a insuficiencia de medios para realizado, acreditada tamén no dito acordo, e que a utilización do contrato menor como sistema para a adxudicación, ademais de resultar procedente por non superar os límites para consideralo como tal, é o máis axeitado pola súa axilidade, eficacia e economía de trámite, e a reducida capacidade de xestión municipal que dificulta a utilización doutros procedementos, inxustificadas tamén economicamente polo reducido importe do contrato, e que, aínda que debería satisfacerse mediante outros procedementos de contratación, sen recorrer ao contrato menor, estes son máis complexos e para os que non se dispón de medios persoais suficientes para poder levalos a cabo, como ten demostrado a experiencia destes últimos anos, e que esta forma de proceder, sen ser a idónea, e a menos incorrecta entre as opcións das que dispón; logo de analizar as ofertas recibidas e, considerando que a proposta máis favorable, ademais de ser a máis vantaxosa economicamente, criterio ao que corresponde o 80% para a valoración das ofertas, en termos xerais tamén é a que ofrece unhas mellores garantías, cuns límites económicos máis amplos e a mesma franquía, coa unanimidade de todos os asistentes, adopta os seguintes acordos:

1. Informar que o contrato ao que se refire este expediente é necesario polo motivo indicado na parte expositiva do presente acordo.
2. Xustificar que non se está alterando de maneira fraudulenta o obxecto do contrato para evitar un indebido fraccionamento del coa finalidade de prescindir da aplicación das regras xerais de contratación, de publicidade e demais requisitos.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

3. Adxudicar ao licitador, MAPFRE ESPAÑA, S.A., o servizo que se especifica polo importe que se reflicte na táboa anterior e mais aprobar o gasto correspondente, autorizándoo e dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria que se sinala.
4. Notificarlle este acordo ao adxudicatario e ao resto dos licitadores, trasladándolle que este contrato non precisa de formalización para o seu perfeccionamento segundo o art. 36.1 da citada Lei 9/2017.
5. Trasladar este acordo ao Servizo Municipal de Contabilidade e Nóminas para a realización das anotacións contables derivadas deste acordo de compromiso ou disposición de gastos.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás trece horas e dous minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario